

A BATALLA DOS SEXOS

[Jonathan Dayton & Valerie Faris, 2017]

303

ESTREA EN NUMAX: 03.11.2017 | V.O.S.E. | TP

Battle of the Sexes (2017, 121')

Dirección: Jonathan Dayton, Valerie Faris

Guión: Simon Beaufoy

Elenco: Emma Stone, Steve Carell, Andrea Riseborough, Elisabeth Shue, Austin Stowell, Sarah Silverman, Alan Cumming

Son: Ai-Ling Lee, Mildred Iatrou

Montaxe: Pamela Martin

Fotografía: Linus Sandgren

Vestuario: Mary Zophres

Música: Nicholas Britell

Produtoras: Cloud Eight Films, Decibel Films, Fox Searchlight Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Twentieth Century Fox España

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Ruby Parks, 2012

Pequeña Miss Sunshine, 2006

SINOPSE

A batalla dos sexos conta o partido de tenis celebrado en 1973 entre dous grandes tenistas, a número 1 do ránking WTA de tenis de 29 anos, Billie Jean King (Emma Stone), e o que é un dos mellores tenistas da historia, Bobby Riggs (Steve Carell), de 55. Este foi un encontro que se converteu nun dos eventos deportivos televisados con máis audiencia de todos os tempos. Ademais da importancia do mesmo, este partido desencadeou moitos debates sobre a igualdade de xénero e o movemento feminista.

«Os directores de *Pequeña Miss Sunshine* volven dar na diana cunha comedia feminista de época cunha Emma Stone pletórica»

Daniel Martínez Mantilla, FOTOGRAMAS

II FOMENTO DA IGUALDADE DEXÉNERO



A BATALLA DOS SEXOS

[Jonathan Dayton & Valerie Faris, 2017]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Queremos que o filme xere debate mais tamén entreteña”

Entrevista con Valerie Faris e Jonathan Dayton
Por Kristen Lopez

Moita da xente á que lle falei do filme descoñecía a historia orixinal. Valerie Faris (VF): Agardo que esa xente vaia igualmente ver o filme porque realmente non ten moita importancia se sabían ou non da historia. Jonathan Dayton (JD): Nalgún sentido é mellor mellor que sexa unha descuberta. VF: Ti cres que a xente nova se vai interesar polo filme?

Diría que co actual clima político a xente da miña xeración quererá ir velo para comprobar de onde vimos e cara a onde queremos ir. E por Emma Stone claro. VF: É incríbel, o seu encanto. JD: Se se me permite dicilo a súa actuación non decepciona...

Tedes falado sobre como o filme conecta co contexto político do noso tempo. Obviamente filmásteo antes das eleccións, mais non tedes a sensación de que o seu sentido mudou por mor das circunstancias? VF: Temos sentimentos encontrados con respecto a iso porque por unha banda o filme leva a falar das eleccións e do actual clima político, o que pode estar moi ben, mais non queremos que iso oculte os demais elementos do filme. JD: Creo que algunhas ideas do filme teñen que

discutirse e que agora é máis importante ca nunca, polo que agardo que xere debate. Porén, tamén queremos que o filme entreteña, que poida facer feliz á xente un venres pola noite. VF: Non é unha lección de historia ou un debate político, senón algo que pode facer que a xente comece a pensar.

A campaña de márketing véndea como unha película sobre o tenis, mais cando vemos o filme decatámonos de que hai moito máis. Temos a Billie Jean [Emma Stone], Bobby Riggs [Steve Carell] e Margarte Court [Jessica McNamee]. Como fixestes para conxugar todas estas historias? VF: Nós xa estabamos vivos cando tivo lugar o partido mais esa non é a razón para queremos facer un filme sobre un partido de tenis. É o noso primeiro filme sobre deportes e nunca pensáramos en facer ningún. O que nos interesaban eran todas esas historias persoais, especialmente a de Billie Jean, o seu matrimonio e o seu espertar, coñecéndose a si propia e mantendo a primeira relación cunha muller, ao tempo que tiña de afrontar o partido. JD: Encántame que haxa dúas historias de amor dentro dun filme sobre deportes e tamén unha importante historia política.

Hai un oco de cinco anos entre A batalla dos sexos e Ruby Sparks (2012) e seis entre ela e Pequeña Miss Sunshine (2006). Tedes a necesidade de repousar entre filmes ou é que sodes moi selectivos á hora de emprender un novo proxecto? JD: Somos moi selectivos e ademais botamos bastante tempo con cada un. Non nos gustan as presas. VF: Gústanos dedicarlle

tempo ás cousas. E ás veces comezamos a traballar en proxectos que non chegan a bo porto. Non traballamos en cinco cousas a un tempo, dedicámonos en corpo e alma a cada proxecto. JD: Parte do pracer de facer un filme é mergullarse nel e non pensar noutra cousa.

Como é o proceso de dirección? Hai cousas en particular que facedes individualmente? VF: Jonathan responde ao teléfono máis ca min. JD: Son o secretario de Val. É un proceso moi desordenado e ambos facemos de todo. Comezamos a traballar xuntos na universidade e estamos en constante diálogo, en constante exploración. É divertido. Ademais, todo comeza en nós os dous mais axiña se volve unha colaboración co director de fotografía, o de vestiario, os actores. VF: O mesmo sucede coa nosa vida doméstica ou familiar. Ambos facemos de nai e pai, se cadra deberamos preguntar aos nosos fillos que opinan.

Os seus tres filmes son unha marabillosa exploración das relacións. VF: Este filme fala de relacións moi interesantes e diversas: cun propio, coa parella, no eido profesional. Son elementos que nos interesan probabelmente porque a nosa relación atravesamos o aspecto familiar, profesional e romántico... JD: O certo é que non pensamos nesas cousas. Simplemente seguimos os nosos intereses e chegado un momento agroma un patrón que comeza a ter sentido.

Publicado en www.theyoungfolks.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!